

# Actividades Extraescolares 2023/2024 v2

CEIP A RÚA

HORARIO E ESPAZOS DAS EXTRAESCOLARES																					
	LUNS				MARTES				MÉRCORES				XOVES				VENRES				
	PAVILLÓN	AULA A	AULA B	COMEDOR	PAVILLÓN	AULA A	AULA B	COMEDOR	PAVILLÓN	AULA A	AULA B	COMEDOR	PAVILLÓN	AULA A	AULA B	COMEDOR	PAVILLÓN	AULA A	AULA B	COMEDOR	
	LUNS				MARTES				MÉRCORES				XOVES				VENRES				
16:30																					
17:00	TAEWKONDO	INGLÉS INF		ARTE INFANTIL	IOGA PRIMARIA	INGLÉS PRIMARIA		COCINA	BALONMÁN PRIMARIA	XADREZ	CLUB MANGA	ARTE PRIMARIA	IOGA INFANTIL	GUIARRA	TEATRO PRIMARIA		XIMNASIA ACROBÁTICA	INGLÉS INF	XOGOS DE MESA	COCINA	
17:30					BALONCESTO		ESCOLA FAMILIAS (QUINCENAL)_por confirmar			DEBUXO_COMIC			FUBITO								
18:00									PATINAXE												
18:30																					
19:00																					

Mércores 13 enviaranse (polas canles habituais telegram, abalar e grupos de clase) as instrucións detalladas de como realizar as inscricións ás actividades extraescolares do curso 2022/2023.

O período para realizar as inscricións comezará o luns 18 ás 10:00 e pecharase o venres 22 ás 14:00.

As inscricións realizaranse de forma telemática a través dun formulario web quedando rexistrado a orde de envío.

As listas definitivas serán publicadas o luns 25 de setembro.

O 2 de outubro comezarán as extraescolares.

# Arte

Impartido por ESTUDIO IA

Achegar ás crianzas o coñecemento da expresión artística e a acción creativa dende un punto de vista lúdico e curioso.

Traballaremos disciplinas arquitectónicas, pictóricas e escultóricas. Xogaremos a descubrir novas linguaxes dende as que expresar a nosa creatividade..

- **Alumnado** de 3 a 12 anos
- **Data e Hora:**
  - grupo infantil + 1º primaria: Luns 16:30-18:00
  - grupo primaria (de 2º a 6º): Mércores 16:30-18:00
- **Prezo:** 25 €/mes

Coñece mais do noso traballo!



@ESTUDIOIA



# Baloncesto

Impartido polo Clube Baloncesto

Defensores Morrazo



Razóns para elixir esta actividade que levamos impartindo dende o ano 2009:

- Invita a PENSAR
  - É escola de VALORES
  - Pon a proba a túa VALENTÍA
  - Desenvolve a forma FÍSICA
  - Educa a traballar en EQUIPO
  - Plantexa DESAFÍOS EMOCIONAIS
  - Xera momentos de REFLEXIÓN
  - Brinda AMISTADES para toda a vida
  - Ensina que GAÑAR é APRENDER, DIVERTIRSE e COMPETIR entre AMIGOS.
- **Alumnado** de 2º a 6º primaria.
  - **Data e Hora:** Martes 17:30 - 18:30
  - **Prezo:** 15 €/mes



# Balonmán



Actividade deportiva a cargo do Clube Balomán Cangas  
Frigoríficos Morrazo

A actividade consiste na iniciación ao deporte do balonmán a través de xogos e exercicios que a fan máis entretida para o alumnado. Aprenderemos as regras e nocións básicas do noso deporte.

- **Alumnado** de 6 a 12 anos (primaria)
- **Data e Hora:** Mércores 16:30-17:30
- **Prezo:** GRATUITA



# Cociña

Impartido pola empresa  
EDUCA OCIO



O seu obxectivo principal é concienciar ás crianzas da importancia dunha boa alimentación a través da elaboración de diferentes pratos. Adquirirán os pasos básicos para preparar os seus primeiros pratos ao mesmo tempo que se lles inculcan hábitos alimenticios saudables.

- **Alumnado** de 3 a 12 anos
- **Data e Hora:** Martes e Venres: 16:30-18:00
- **Prezo:** 22 €/mes



# Club Manga

Explorando o fascinante mundo do manga e o anime

Impartido por Quenlla Comics



## Obxectivos:

- \*Promover a Creatividade: Animamos aos estudantes a desenvolver as súas habilidades artísticas e creativas mediante a creación dos seus propios cómics e personaxes.
- \*Fomentar a Comunidade: Queremos crear un ambiente inclusivo onde os amantes do manga e do anime poidan conectarse, compartir intereses e formar amizades duradeiras.
- \*Explorar a Cultura Xaponesa: Máis alá do manga e do anime, exploraremos aspectos da cultura xaponesa, como a historia, a comida, a música e as festividades.

- **Alumnado** Infantil e primaria
- **Data e Hora:** Mércores 16:30-17:30
- **Prezo:** 15 euros

O Clube Manga é unha porta de entrada a un mundo de historias cautivadoras e personaxes inesquecibles. Convidamos a todos os estudantes apaixonados polo manga e o anime a unirse a nós nesta emocionante aventura.


# Debuxo e cómic

Impartido por Yaiza

Se che gusta debuxar, os cómics ou a animación esta é a túa clase! Vas aprender a debuxar personaxes, fondos, animais e máis. Ademais se traes tablet aprenderás a usala como a túa ferramenta de debuxo.

- Alumnado de 6 a 12 anos
- Data e Hora: Mércores 17:30-18:30
- Prezo: 15 €/mes (\*)

(\*) prezo para 2 irmáns 20€/mes





# Futbito

Impartida por Escola de Fútbol Base de Cangas

O obxectivo desta actividade é ir aprendendo os aspectos básicos deste deporte mediante exercicios e xogos, así coma outras cualidades como o xogo en equipo, a motricidade e os valores propios do deporte..

Dende o curso 2018-19 impártese esta actividade, e cabe destacar que un amplo número de crianzas xa están en clubs federados de Cangas tras pasar pola actividade.

- **Alumnado** de 3 a 8 anos (infantil + 1º e 2º primaria)
- **Data e Hora:** Xoves 17:30-18:30
- **Prezo:** 12 €/mes



# Guitarra

Impartido por Alberto

Aprenderemos técnica a través de cancións de sempre e actuais. Escoitaremos música para ir educando o oído e introducirmos tamén en cuestións teóricas como escalas, acústica, harmonía. O proxecto do curso será facer unha canción propia entre todo o grupo e grabala.

- **Alumnado** de 6 a 12 anos
- **Data e Hora:** Xoves 16:30-17:30
- **Prezo:** 12 €/mes



# INGLÉS Taller lúdico


Impartido pola empresa  
EDUCA OCIO



En primaria ten como obxectivo lograr unha ensinanza do inglés dinámica e efectiva cunha metodoloxía comunicativa.

En infantil pontenciaremos o seu nivel de inglés a través de xogos, cancións e outros exercicios lúdicos adaptados á súa idade.

- **Alumnado** de 3 a 12 anos
- **Data e Hora:**  
Grupo infantil: luns e vernes 16:30-17:30  
Grupo primaria: martes 16:30-17:30
- **Prezo:** 15 €/mes





# Ioga

Impartida por Sofía Bermúdez Guimeráns (Educadora infantil e de atención temperá, profesora de ioga para nenos e nenas)

O ioga axuda a que os nenos/as tomen conciencia e aprecien os diferentes niveis que existen dentro de si mesmos, ao mesmo tempo que lles ensina como manterse saudables desde o interior (física e emocionalmente). Aumenta a coordinación de pés e mans, a conciencia espacial e o sentido do ritmo, promove a auto-disciplina e ensina a auto-relaxación. Calma a mente e aumenta a capacidade de enfocarse e concentrarse, entre outras moitas cousas.

A metodoloxía e o tipo de clase varían dependendo da idade dos participantes. En trazos xerais, todas as clases trabállanse a través da música, os contos, o teatro e a danza, así como o debuxo e a expresión plástica. O aspecto lúdico é fundamental.



- **Alumnado** de 3 a 12 anos
- **Data e Hora:**  
Grupo primaria: Martes 16:30-17:30  
Grupo infantil: Xoves 16:30-17:30
- **Prezo:** 15 €/mes



# Música e movemento

Impartido por PEIS D´HOS



Trátase dunha proposta cultural, formativa e artística que serve para dar a coñecer a nosa música e o noso baile tradicional entre a mocidade máis nova. Traballaremos mediante xogos e exercicios rítmicos e de movemento e interacción. A lingua vehicular do obradoiro é o galego.

- **Alumnado** de 3 a 6 anos (infantil + 1º)
- **Data e Hora:** Xoves 17:30-18:30
- **Prezo:** 13 €/mes



# Patinaxe

Impartido por Ione Álvarez, deportista federada do  
Club Ánfora Patinaxe Artística

"Esta actividade é dinámica, entretida e moi divertida para todas as idades. O máis importante para min ademais de que os nenos e nenas aprendan a manexarse sobre patíns é que se divirtan e pasemos xuntos un ratiño entretido."

- **Alumnado** de 3 a 12 anos
- **Data e Hora:** Mércores 18:00-19:00
- **Prezo:** 15 €/mes



# Taekwondo

Impartido polo Club de Taekwondo Sares-TKD Cangas

Como deporte de contacto (a través de puños e patadas), esta disciplina deportiva adoita chamar a atención entre os máis pequenos e pequenas. O obxectivo é que o alumnado aprenda as normas e valores do TAEKWONDO, sabendo respectar tanto aos compañeir@s coma ao profesor. A disciplina trasládase a través do xogo, sendo un dos obxectivos "aprender a xogar a Taekwondo". Ademais desenvólvense habilidades motrices como equilibrio, flexibilidade, bilateralidade, coordinación, entre outras, todas elas habilidades fundamentais nas diferentes etapas do crecemento.

- **Alumnado** de 4 a 12 anos
- **Data e Hora:** Luns 16:30-17:30
- **Prezo:** 15 €/mes (Outubro gratuito)



# Teatro e movemento

Impartido por Helena Varela de Cinema Sticado.

Actriz, Performer, Locutora.

Partindo da premisa XOGA, EXPRESA, CREA E CRECE fomentamos o desenvolvemento expresivo corporal, lingüístico e social a través do xogo dramático. O teatro é un arte total. Grazas a iso os nenos e nenas xogarán coa súa sensibilidade artística a través das moitas linguaxes que integran o feito de facer teatro: títeres, teatro de luz negra, música, ritmo e danza, disfraces, teatro de obxectos, literatura, etc....

- **Alumnado** de 3º a 6º primaria.
- **Data e Hora:** Xoves 16:30-17:30
- **Prezo:** 20 €/mes





# Xadrez



Impartido por Tomás, xogador federado  
do Club Xadrez Bueu

As crianzas adquiren habilidades e competencias de forma efectiva, a través de actividades que deben resolver en grupo mellorando así a súa capacidade creativa, o seu pensamento crítico, a capacidade de escoitar e a súa expresión.

- **Alumnado:** primaria
- **Data e Hora:** Mércores 16:30-17:30
- **Prezo:** 13 €/mes



# Ximnasia Acrobática

Impartido polo Club Flic Flac



A ximnasia acrobática é un deporte moi completo a nivel psicomotor, coeducativo e de rendemento físico.

O feito de ser un deporte eminentemente cooperativo axuda ao colectivo ximnástico a un mellor crecemento social, aprendendo a traballar en equipo. A acrobática desenvolve a forza e a flexibilidade, mellora a actitude ante o esforzo e incrementa a capacidade de concentración e a valentía.

- **Alumnado** de 6 a 12 anos
- **Data e Hora:** Venres 16:30-18:00
- **Prezo:** 25 €/mes + seguro voluntario



# Xogos de mesa

Impartido por Quenlla Comics



Os xogos de mesa fomentan a interacción cara a cara e ofrecen unha oportunidade para solcializar e conectarse cos amigos.

Os xogos de mesa requiren estratexia, toma de decisións, planificación a longo prazo, resolución de problemas e pensamento crítico. Ao xogar estímúlanse habilidades cognitivas como a atención, a memoria, a concentración e a flexibilidade mental o que contribúe ao desenvolvemento intelectual dos xogadores.

- **Alumnado** Primaria
- **Data e Hora:** Venres 16:30-17:30
- **Prezo:** 15 euros





